



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REXISTRO XERAL	
23 XAN. 2017	
N.º ENTRADA 1937	N.º SAIDA

Grupo Provincial Socialista
Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, deputado do **Grupo Socialista** da Deputación Provincial de Ourense, en base o previsto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e do artigo 4-b do Regulamento Orgánico da Deputación (Rogos e Preguntas)

SOLICITA QUE SE RESPONDA ORALMENTE EN PLENO ÁS SEGUINTE PREGUNTAS:

A OLAF-Oficiña Europea de Loita contra o Fraude- realizou unha investigación sobre o proceso de contratación e xestión económica de varios Programas Europeos (Daredo, Deputrans) que contaban cunha subvención dun total de 10 Millóns de euros, nunha inversión de 13 millóns para instalar depuradoras na provincia.

O Organismo antifraude na súa investigación concluíu que existían ilícitos penais moi graves (delito de prevaricación, tráfico de influencias e fraude ó presuposto europeo).

Asimesmo acreditou trato de favor a empresa adxudicataria, que o prezo contratado era o dobre do valor no mercado, información confidencial, utilización de criterios na adxudicación contrarios ós procedementos de contratación pública e unha longa relación de irregularidades.

Como consecuencia deso propuxo a Descertificación da subvención na súa totalidade.

De todo elo ninguén respondeu politicamente destas gravísimas responsabilidades.

Asimesmo elo podería traer gravísimas consecuencias para a facenda da Deputación que pagaríamos tódolos veciños da provincia.

Por elo se solicita que no Pleno da deputación por parte do Presidente se responda as seguintes cuestións:

¿Cómo está o procedemento de descertificación e devolución da totalidade dos 10 Millóns de euros que promovía os organismos da Unión Europea?

¿Qué novidades hai dende a OLAF e do Goberno de España respecto as medidas que se inician sobre este expediente?

¿Qué medidas se tomaron para que os responsables políticos desta continuada xestión perxudicial para os intereses públicos dén conta das súas responsabilidades?

¿Qué medidas se tomaron para si houbo un grupo empresarial ,que se beneficiou deses presuntos delitos que cita a OLAF nas súas conclusións, devolvan os beneficios obtidos en fraude?

¿Qué medidas se tomaron para que os cargos políticos que participaron nestas prácticas para adxudicar con fraude de lei esas depuradoras respondan do dano que causen as administracións públicas (Europeas, do Estado ou Deputación)?

En Ourense, a 17 de Xaneiro de 2017.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE